



## A primeira proposición de lei do BNG nesta lexislatura é para unha lei de prazos



*Madrid, 19 Abril 08.* A necesidade de modificar a actual lexislación sobre a interrupción voluntaria do embarazo e aprobar unha lei de prazos do aborto, é a primeira proposición de lei que o BNG leva ao Congreso dos Deputados nesta recién estreada lexislatura.

Fundamentalmente, o BNG defende a aprobación dunha lei de prazos e que se garanta o dereito a interrompir voluntariamente o embarazo nos centros sanitarios públicos.

### **Máis urxente que nunca dada a persecución a mulleres**

Neste sentido, a deputada do BNG no Congreso, Olaia Fernández Davila, “ve máis urxente que nunca a modificación da lei actual despois da persecución dos últimos meses a mulleres que no seu día decidiron abortar. É urxente pola situación xenerada na que se produciu unha auténtica vulneración do dereito á intimidade destas mulleres, o seu dereito á privacidade”.

“Precisamente, para evitar este tipo de situacións é imprescindible proceder a un cambio

da lei actual e apostar por unha lei de prazos da interrupción voluntaria do embarazo”, sinala Davila.

### **Na rede sanitaria pública e dentro das 16 semanas**

Na súa proposición de lei, o BNG propón que “non constitúa delito a interrupción do embarazo sempre que concurra o consentimento libre e voluntario da interesada” e que “se practique dentro das dezaséis primeiras semanas de xestación”.

Ademáis, de que se poida practicar na rede sanitaria pública de “xeito totalmente gratuito”. Os nacionalistas galegos tamén demandan que os centros sanitarios públicos contén cos medios técnicos, humanos e facultativos necesarios para a realización das interrupcións voluntarias do embarazo.

É preciso lembrar que o actual Código Penal, aprobado mediante a Lei Orgánica 10/1995, consolidou a regulación da interrupción do embarazo dada pola Lei Orgánica 9/1985, despenalizándoo só nos tres supostos extremos. Trátase dunha lexislación restrictiva e alonxada da maioría dos Estados avanzados. “O aborto segue a ser unha carga penosa e a súa criminalización, ou a despenalización hipócrita e restrictiva, un problema grave para moitas mulleres”.